


# guía

DE LECTURA



TAMBRE

ALA DELTA 

## A ánfora exipcia

An Alfaya

TAMBRE

## A obra

Título **A ánfora exipcia** / Autora **An Alfaya** / Ilustrador **Ramón Trigo** / ADV, 26 / 182 páxinas

### A autora

---

**An Alfaya** naceu en Vigo en 1964. Estudou Maxisterio e máis tarde completou a súa formación por outros camiños; o teatro foi un deses eixes que lle abriron fiestras diferentes para tentar entender a realidade.

En Tambre ten publicada a novela xuvenil *O cero escuro* (CAT 5), que afonda na complexidade da etapa adolescente e fusiona emoción e misterio; e para os lectores en idade infantil, *Unha xanela para Cecilia* (ADV 11); *Zoa e Azor* (ADV 14; Premio Frei Martín Sarmiento, 2008) e *O recendo das clementinas* (ADV 30).

### Argumento

---

Roque vai pasar uns días das vacacións ao pazo de Leirachá, a finca dunha compañeira de traballo da nai. Alí coñece a Laura, filla da muller, e a Xacobo, fillo dos traballadores do servizo, cos que vivirá unhas xornadas inesquecibles.

Alí, Roque entra en contacto cun mundo descoñecido para el —a arqueoloxía e o Antigo Exipto— ao escoitar o relato que fan da súa viaxe a aquel país Alberte, irmán de Laura, e a súa moza Lola. Apaixonados da arqueoloxía, de alí traerán un exemplar de escaravello rinoceronte, considerado animal sagrado naquela cultura, e unha ánfora aínda sen datar que pretenden confiar a un equipo de expertos da universidade. Porén, neses días tanto o escaravello como a ánfora desaparecen da casa. Roque, Laura e Xacobo investigarán o roubo ata dar cos culpables.

### Comentario

---

Trátase dunha novela de misterio e aventuras distribuída en quince capítulos que emprega a voz narrativa en primeira persoa do protagonista adolescente, quen insire de maneira moi ben dosificada a intriga e o misterio, resoltos de maneira habenciosa ao final.

A escolla de personaxes adolescentes que guían a acción é moi acaída, pois permite o proceso de identificación co lectorado. O uso dos diálogos

propicia unha lectura áxil e dinámica, e a inserción dunha linguaxe cotiá propia dos adolescentes axuda o lectorado a involucrarse nos medos, dúbidas e intriga que experimentan os personaxes máis novos. Nas partes narradas bótase man adoito de secuencias descritivas ricas en detalles e é común o uso dunha linguaxe máis especializada.

### Temas

- Os tesouros arqueolóxicos.
- A exiptoloxía.
- O coñecemento doutras culturas.
- O uso do enxeño na busca de solucións.
- A utilidade da observación para o desenvolvemento do razoamento e a intelixencia.

### Reflexións

---

Con esta novela de misterio, pódense achegar ao lectorado campos profesionais como a arqueoloxía e a bioloxía, que aquí se concretan na exiptoloxía e na colección de insectos, respectivamente. Ademais, ao longo da trama aparecen outras cuestións de interese enfocadas aos valores, como o respecto por outras culturas e polos restos arqueolóxicos, a importancia do razoamento dedutivo, da observación e do enxeño para a resolución de enigmas, a falsa verdade das aparencias e a importancia da lealtade, a fidelidade e a honestidade por riba doutros intereses como o medre profesional.



## 1. O título

Despois de ler o título, escribe o que che suxire.

---

---

---

---

---

---

---

## 2. A cultura exipcia

Localiza Exipto nun mapamundi e, despois de buscar información, escribe aquilo que che resulte máis interesante deste país e da súa cultura.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



## Actividades de afundamento

### 1. Os seres invertebrados

Guiado por Laura, Roque descobre o fascinante mundo do coleccionismo, concretamente dos insectos. Dos seguintes animais, subliña aqueles que sexan invertebrados:

araña - gato - caracol - tiburón - ollomol - polbo - can - verme - abella - xoaniña - mosca - xirafa - saltón - aguia - cangrexo - medusa - rato - mexillón - cempés - ra

### 2. O mundo das profesións

Alberte é arqueólogo e Lola bióloga. Busca no barullo de letras o nome desas dúas e outras seis profesións.

Y	Y	O	B	E	W	D	O	E	O
Ñ	W	B	S	C	U	G	V	E	X
Ñ	X	Ñ	Ñ	G	O	A	V	N	H
O	L	N	B	L	P	I	G	N	P
N	V	T	O	A	A	C	X	T	S
P	Z	I	M	R	V	I	G	I	J
X	B	Q	B	Q	O	L	E	P	X
B	P	O	E	U	G	O	T	R	J
P	F	A	I	E	A	P	A	O	S
S	Ñ	N	R	O	D	P	X	F	U
Ñ	Ñ	Ñ	O	L	O	M	I	E	O
Y	L	J	M	O	Q	P	S	S	Q
O	W	T	B	G	Z	S	T	O	U
C	T	B	A	O	S	N	A	R	C
Z	X	I	M	E	D	I	C	O	M

URGOOEAQÓL

DVOGAAO

ÉCIMDO

IMOOBRBE

BÓIOGOL

STTXAIA

ALCIÓP

SEOORRPF



1. Fai unha listaxe das pistas que levaron a Roque, Lola e Xacobo a resolver o caso do roubo da ánfora exipcia

- 1. ....
- 2. ....
- 3. ....

2. Escribe cinco cualidades que debe ter un bo detective

- 1. ....
- 2. ....
- 3. ....
- 4. ....
- 5. ....

3. O escaravello rinoceronte está considerado un animal sagrado en Exipto. Cita outros cinco animais sagrados e di en que país reciben ese tratamento e por que

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## 1. Unha de detectives

Agora crea a túa propia historia sobre o roubo dun obxecto valioso.

---

---

---

---

---


---

---

## 2. O teu amuleto da sorte

Para os exipcios o escaravello era un animal con moita carga simbólica que se asociaba á resurrección e que se empregaba como amuleto contra as enfermidades e a morte. Inventa o teu propio amuleto da sorte, dálle un significado e debúxao.

O meu amuleto é ..... e serve para .....





## Suxestións de actividades

### Actividades de aproximación

---

Coas propostas que aparecen baixo este epígrafe preténdese presentar o libro dunha maneira lúdica que estimule a lectura.

- **Exercendo de exiptólogos.** Antes de iniciar a lectura, podemos buscar información sobre Exipto e a súa cultura e facer un mural con imaxes sobre as principais características e tesouros que definen a civilización exipcia. Seguramente os nenos e nenas destas idades se sintan atraídos por esta civilización milenaria e o seu legado cultural.
- **Obradoiro de escritura xeroglífica.** Trátase de coñecer a escritura xeroglífica e a partir dela que os alumnos e alumnas, en grupos de catro, creen o seu propio código de signos para facer mensaxes encriptadas que deberán descifrar o resto dos grupos.

### Actividades de afondamento

---

Neste bloque de suxestións atoparemos actividades que podemos ir presentando na aula a medida que os nosos alumnos e alumnas lean o libro.

- **A sociedade feudal.** Nos primeiros capítulos Laura explícalle a Roque a historia do pazo de Leirachá e do seu propietario, conde do mesmo nome. Investigade sobre a sociedade feudal e a súa estrutura social. É semellante á sociedade actual? Cales son as diferenzas máis salientables?
- **As profesións.** A arqueoloxía e a bioloxía son dúas profesións científicas representadas no libro. Reflexiona e conversa cos compañeiros sobre estas e outras profesións, indicando cal delas che gustaría exercer e por que. Logo trata de descubrir os instrumentos de traballo que se precisan en cada gremio, elaborando unha táboa.

- **Os animais invertebrados.** Os escaravellos que aparecen como motivo argumental da novela pertencen á familia dos artrópodos. Pódese aproveitar para profundizar no coñecemento dos animais invertebrados, realizando un mural coas características xerais e a clasificación, ilustrándoo con imaxes que exemplifiquen cada grupo destes animais.

### Actividades de peche

---

Unha vez que os alumnos e alumnas rematen de ler o libro, tamén podemos suxerir actividades.

- **As moedas.** Ao final da obra Roque queda cun amuleto: unha moeda exipcia. Investigade as moedas que se empregan en diferentes países do mundo e o seu valor. Un recurso interesante é <http://www.monedasdelmundo.org/>. Tamén se poden traer moedas doutros países para compáralas.
- **Que farías ti?** Imaxínade que como lle sucedeu a Roque es acusado inxustamente dunha acción que non cometiches. Como demostrarías a túa inocencia? Pensa nas accións que realizarías para facer ver que non es culpable.
- **Xogando a xuíces.** Ao final do relato descóbrense os verdadeiros ladróns e as súas motivacións. Tendo en conta estes datos, en grupo mediano, repartíranse os papeis de xuíz, xurado, avogado defensor e fiscal. Cada alumno, segundo o papel asignado, debe elaborar o seu discurso con argumentos convincentes, sobre todo no caso da acusación e do acusado. Logo representarase o xuízo coa exposición de feitos e probas, as defensas e o veredicto e a pena do xurado.



## Solucionario

### Actividades de afondamento

1. **araña** – gato – **caracol** – tiburón – **polbo** – can – **verme** – **abella** – ollomol – **xoaniña** – **mosca** – xirafa – **saltón** – aguiá – **cangrexo** – **medusa** – rato – **mexillón** – **cempés** – ra
2. ARQUEÓLOGO, AVOGADO, MÉDICO, BOMBEIRO, BIÓLOGO, TAXISTA, POLICÍA, PROFESOR.

Y	Y	O	B	E	W	D	O	E	O
Ñ	W	B	S	C	U	G	V	E	X
Ñ	X	Ñ	Ñ	G	O	A	V	N	H
O	L	N	B	L	P	I	G	N	P
N	V	T	O	A	A	C	X	T	S
P	Z	I	M	R	V	I	G	I	J
X	B	Q	B	Q	O	L	E	P	X
B	P	O	E	U	G	O	T	R	J
P	F	A	I	E	A	P	A	O	S
S	Ñ	N	R	O	D	P	X	F	U
Ñ	Ñ	Ñ	O	L	O	M	I	E	O
Y	L	J	M	O	Q	P	S	S	Q
O	W	T	B	G	Z	S	T	O	U
C	T	B	A	O	S	N	A	R	C
Z	X	I	M	E	D	I	C	O	M

### Actividades de peche

1. – O tamaño das pegadas na lama.
- As botas de auga.
  - As manchas de aceite do coche no vertedoiro e no vaso de leite.

### Fragmentsos especiais

–A súa imaxe atópase presente nos templos como mostra do seu poder –continúa Alberte.

–Pois a min paréceme pouco serio comparar o sol cun escaravello! –interrómpea Laura con chacota, buscando a nosa complicidade, pero só consegue que Lola lle reproche o seu comentario.

–Non se pode xulgar a un pobo se non se coñecen a súa cultura e os seus costumes, Laura. Por enriba de todo, un debe respectalo. Os exicpcios, dende tempos remotos, senten admiración polo poder de transformación do escaravello, por iso para eles é un deus.

(páx. 64)

Pouso o obxecto no chan e con tento quitámoslle o pano que o protexe. Efectivamente, non hai erro posible, atopamos o único tesouro posible, a ánfora exipcia! A partir deste intre tanto Xacobo coma min temos claro quen é o ladrón; as súas pegadas na lama do río non deixan lugar a dúbidas.

(páx. 141)

Cando lle propuxen que se me apoiaba na concesión da bolsa para os Estados Unidos, eu negaría onde fose que a autoría do achado da ánfora fose de Alberte e de Lola, e defendería que o responsable de tan importante descubrimento fora só el, ilumináronselle os ollos. Que gañaría con iso? Apoio incondicional no seu departamento, prestixio no seu último ano académico cara á xubilación, deixar unha pegada na universidade.

(páxs. 179-180)